



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### SANTIAGO DE COMPOSTELA

*Convocatoria de subvenciones y ayudas públicas*

**Extracto del acuerdo del 13 de septiembre del 2021 de la Junta de Gobierno Local del Ayuntamiento de Santiago de Compostela por el que se aprueban las bases y convocatoria de subvenciones destinadas al fomento del deporte federado año 2021**

#### **BDNS (Identif.): 583633**

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/583633>)

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

#### **Primero. Beneficiarios**

Las entidades deportivas que participen en competiciones oficiales federadas, con sede social en el Municipio de Santiago y que figuren inscritas en el Registro Municipal de Asociaciones y en el Registro de la Secretaria Xeral para o Deporte de la Xunta de Galicia.

No se considerarán beneficiarios a efectos de estas bases:

- Las solicitudes de aquellas entidades que, con independencia de estar federadas, no participen en competiciones oficiales incluidas en el calendario de la federación correspondiente.
- Las solicitudes de aquellas entidades que participen en las modalidades de cicloturismo, senderismo o similares, en las que no existe una estructura de competición convencional.
- Las solicitudes que correspondan a entidades deportivas vinculadas con empresas privadas de servicios deportivos.
- Las solicitudes de cualquier entidad pública territorial o corporativa, así como de las entidades vinculadas o dependientes de las mismas.

Se excluirán también de las subvenciones previstas en estas bases:

- Las categorías de aquellas entidades que tengan un convenio nominal con el Ayuntamiento de Santiago de Compostela.
- Los equipos de fútbol sala que participen en la competición local/interzonal, como consecuencia del alto número de participantes existentes. No será de aplicación para aquellas entidades que tengan como única modalidad deportiva de competición el fútbol sala.
- Los equipos de fútbol que participen en la categoría de veteranos.

#### **Segundo. Objeto**

Las bases de la presente convocatoria tienen por finalidad la promoción de las Entidades Deportivas Locales de carácter federado, no mercantiles, no profesionales y, consecuentemente sin ánimo de lucro.

A efectos de que los colectivos de base anteriormente citados puedan alcanzar sus objetivos, el objeto que motiva la presente convocatoria es financiar, en parte, los gastos derivados de su participación en las competiciones deportivas establecidas en los correspondientes calendarios oficiales de las federaciones autonómicas y nacionales.

#### **Tercero. Bases reguladoras.**

Bases de ejecución del Presupuesto Municipal del Ayuntamiento de Santiago de Compostela para el año 2021 publicadas en la página web [www.santiagodecompostela.gal](http://www.santiagodecompostela.gal)

**Cuarto. Cuantía**

La cuantía total que se destina a esta convocatoria será de 300.000 €, financiados con cargo a la aplicación presupuestaria 090 34100 4890100/2021.

**Quinto. Plazo de presentación de las solicitudes**

El plazo de presentación de solicitudes será de 15 días naturales contados a partir de la publicación del extracto de la convocatoria en el BOP de la Coruña.

**Sexto. Otros datos**

Existe un modelo concreto de solicitud que está disponible en la sede electrónica del Ayuntamiento de Compostela. En el mencionado modelo se define la documentación que deberá acompañarse con la solicitud.

Santiago de Compostela

13/9/2021

El Concejal Secretario de la Junta de Gobierno Local del Ayuntamiento de Santiago de Compostela. Gumersindo Guinarte Cabada

**Extracto do acordo do 13 de setembro de 2021 da Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela polo que se aproban as bases e convocatoria de subvencións destinadas ao fomento do deporte federado ano 2021**

**BDNS (Identif.): 583633**

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publíquese o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/583633>)

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publíquese o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

**Primeiro. Beneficiarios**

As entidades deportivas que participen en competicións oficiais federadas, con sede social no Municipio de Santiago e que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións e no Rexistro da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

Non se considerarán beneficiarios a efectos destas bases:

- As solicitudes daquelas entidades que, con independencia de estar federadas, non participen en competicións oficiais incluídas no calendario da federación correspondente.
- As solicitudes daquelas entidades que participen nas modalidades de cicloturismo, sendeirismo ou similares, nas que non existe unha estrutura de competición convencional.
- As solicitudes que correspondan a entidades deportivas vinculadas con empresas privadas de servizos deportivos.
- As solicitudes de calquera entidade pública territorial ou corporativa, así como das entidades vinculadas ou dependentes das mesmas.

Excluíranse tamén das subvencións previstas nestas bases:

- As categorías daquelas entidades que teñan un convenio nominal co Concello de Santiago de Compostela.
- Os equipos de fútbol sala que participen na competición local/interzonal, como consecuencia do alto número de participantes existentes. Non será de aplicación para aquelas entidades que teñan como única modalidade deportiva de competición o fútbol sala.
- Os equipos de fútbol que participen na categoría de veteranos.

**Segundo. Obxecto**

As bases da presente convocatoria teñen por finalidade a promoción das Entidades Deportivas Locais de carácter federado, non mercantís, non profesionais e, consecuentemente sen ánimo de lucro.

A efectos de que os colectivos de base anteriormente citados poidan alcanzar os seus obxectivos, o obxecto que motiva a presente convocatoria é financiar, en parte, os gastos derivados da súa participación nas competicións deportivas establecidas nos correspondentes calendarios oficiais das federacións autonómicas e nacionais.

**Terceiro. Bases reguladoras.**

Bases de execución do Orzamento Municipal do Concello de Santiago de Compostela para o ano 2021 publicadas na páxina web [www.santiagodecompostela.gal](http://www.santiagodecompostela.gal)

**Cuarto. Contía**

A contía total que se destina a esta convocatoria será de 300.000 €, financiados con cargo á aplicación orzamentaria 090 34100 4890100/2021.

**Quinto. Prazo de presentación das solicitudes**

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días naturais contados a partir da publicación do extracto da convocatoria no BOP da Coruña.

**Sexto. Outros datos**

Existe un modelo concreto de solicitude que está dispoñible na sede electrónica do Concello de Compostela. No mencionado modelo defínese a documentación que deberá acompañarse coa solicitude.

Santiago de Compostela

13/9/2021

O Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela. Gumersindo Guinarte Cabada

2021/6857